



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 2 DE OUTUBRO DE 2014</b>	
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA	<b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro  
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE  
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dous de outubro dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE A SESIÓN DO 4 DE SETEMBRO DE 2014.

2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE DATA 22-09-2014.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADIROS, LONXAS E MERCADOS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE DATA 22-09-2014.

4º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN CONTRA DOS RECORTES NA LEI DE DEPENDENCIA SOLICITANDO MÁIS ORZAMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTER SOCIAL DE DATA 25-09-2014.

**B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE A SESIÓN DO 4 DE SETEMBRO DE 2014.

**Sr. Alcalde:** Benvidos á sesión ordinario do Pleno correspondente ao mes de outubro. A Orde do Día deste Pleno consta dunha primeira parte, que é a parte Resolutoria. O primeiro punto é aprobación, se

procede, da acta correspondente á sesión do 4 de setembro de 2014. Non sei se hai algunha cuestión ou algunha alegación á acta?. Se non hai nada, aprobámola por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 4 de setembro de 2014, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE DATA 22-09-2014.**

**Sr. Alcalde:** O segundo punto é a modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, segundo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de data 22-09-2014. Ten a palabra o Sr. Blanco, Concelleiro de Facenda.

**Sr. Blanco Carracedo:** Boas noites. Foi levada á Comisión de Facenda a proposta deste grupo de goberno, no sentido de modificar diminuíndo o número de anos necesarios para solicitar a bonificación do 100% no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, pasando dos 30 anos que figuraban desde novembro de 2003 aos 25 que é o mínimo que permite a lei. Deste forma, os propietario de casi 800 vehículos podrán beneficiarse unha vez que entre en vigor esta modificación da Ordenanza, podrán beneficiarse desta modificación, modificación que, como ben sabemos, é rogada, en ese momento pois terán que solicitalo... bueno, xa se fará a Policía oportuna.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Blanco. Algunha intervención?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras, Concelleiro do BNG:** Me esquecín o outro día, na Comisión... A modificación do artigo 6... a modificación só fai referencia ao apartado a), o resto, apartado b) e c), mantense igual non?, os eléctricos e biodiésel?.

**Sr. Blanco Carracedo:** Si, eso permanece igual e no último párrafo o que se fai é unha aclaración para mellor entender a cuestión.

**Sr. Alcalde:** Bueno, a modo de recordatorio e para que tamén o coñezan todas as persoas que podan ser obxecto desta execución, vou a recordar que agora ao que procedemos é á modificación da Ordenanza coa súa aprobación plenaria, terá un período de exposición, se non hai algunha alegación entrará en vigor, estará para entrar en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2015. Que quere dicir eso?, que unha vez que esté en vigor, porque sei que unha vez hubo varias consultas tamén en relación con este tema, calquer persoa que desexa solicitar, como decía o Concelleiro de Facenda, unha exención rogada, polo tanto debe ser pedida expresamente polo beneficiario ou polo usuario do vehículo que teña máis de 25 anos, no caso de solicitala ten que ser rogada e ten que ser un escrito presentado na oficina do ORAL solicitando a incorporación do seu vehículo por ter unha antigüidade de máis de 25 anos a situación de exento. Esa cuestión se podrá solicitar no momento no que a Ordenanza e esta taxa... esta Ordenanza reguladora entre en vigor a súa modificación. O razoable sexa que se poida solicitar desde o 1 de xaneiro ata o final do período voluntario de pago, que se estima aproximadamente que será, si coincide o calendario fiscal, da mesma maneira que está no ano 2014, en torno a finais do mes de abril, polo tanto os futuros beneficiarios podrán ter o período para solicitar esa

exención dende o 1 de xaneiro ata o último día do mes de abril do ano 2015, nese período solicitarán a exención e, polo tanto, deixarán de tributar e non estarán no Padrón de Vehículos todos aqueles que o teñan concedida nesa data.

Creo que era importante explicalo porque habían certas dúbidas e sei que xa houbo certas preguntas na oficina do ORAL tamén en relación a esta cuestión, e trasladarlles que teñen meses máis que suficientes para solicitar esa correspondente exención.

Se non hai ningún asunto máis... ten a palabra a Sra. Louzao.

**Sra. Louzao Vieites, Concelleira do PdeG-PSOE:** Ao fío do que se está falando e en relación aos prazos que se están manexando e que vostede acaba de explicar, gustaríanos propoñer unha mellora ao respecto, xa que bueno, con respecto a outras ocasións que se ten feito, cando foi con respecto á Ordenanza que regula os vados para discapacitados, se lles mandou unha comunicación para que se puxeran ao día (en moitos casos supuxo o cambio de condutor do vehículo), nos gustaría propoñer unha mellora que é que o Concello, en base ao seu Padrón de Vehículos, comunique a todos aqueles vehículos que poidan acollerse, porque bueno, entendemos que nestes momentos de dificultades pois podería ser beneficioso.

**Sr. Alcalde:** Bueno, sabes que agora esa é unha cuestión relativa ao ORAL e o falaremos tamén co ORAL, quen é o que ten que xestionar este tributo, e pode ser unha cuestión que se pode valorar e dirixirse a todos os usuarios beneficiarios. Que de feito tamén con máis de 30 anos de antigüedad xa se podía solicitar e hai moitos que a solicitaron, pero hai outros moitos que a teñen sen solicitar, siguen tributando aínda que teñen a posibilidade de ser exentos, pero hai que solicitalo expresamente, non pasa de forma automática a esa situación. Falaremos co ORAL nos próximos días e lle trasladaremos esta cuestión.

Algunha outra intervención?. Procedemos a votar polo tanto este punto número 2 de modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

**Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda para reducir a antigüidade mínima que dá dereito á bonificación prevista na letra a) do artigo 6 da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, e aclarar, nun novo parágrafo c), a competencia para resolver e os efectos do acordo de concesión,

De conformidade co disposto nos artigos 95.6 c) e 15 e seguintes e do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Visto o informe asinado polo Técnico de Administración Xeral do departamento de Intervención o 16 de setembro de 2014, e fiscalizado o expediente pola interventora municipal.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 22-09-2014.

**ACORDAMOS:**

Modificar, nos seguintes termos, a Ordenanza fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica:

*“Artigo 6.- Bonificacións*

*Establécense as seguintes bonificacións das cotas establecidas no artigo 5.2 desta ordenanza:*

*a) Unha bonificación do 100 por cento respecto dos vehículos cualificados de históricos ou que teñan unha antigüidade igual ou superior a 25 anos, a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.*

*Esta bonificación deberá solicitala o suxeito pasivo a partir do momento no que se cumpran as condicións esixidas para gozar dela. No caso dos vehículos históricos deberase achegar, xunto á solicitude, a catalogación como tal expedida polo órgano competente da Comunidade Autónoma.*

*b) Unha bonificación do 50 por cento respecto dos vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno, durante os cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación do vehículo.*

*Esta bonificación deberá solicitala o suxeito pasivo achegando a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.*

*c) A resolución das solicitudes das bonificacións referidas neste artigo corresponde á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da vixente delegación de competencias na Deputación Provincial. As concesións terán efecto a partir do primeiro día do período impositivo seguinte ao da solicitude, ou ben dende a primeira adquisición do vehículo sempre que a solicitude se presente no momento da declaración de alta no padrón.*

### DISPOSICIÓN FINAL

*A presente modificación, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación o .... de .... de 2014, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2015 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”*

### 3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADOIROS, LONXAS E MERCADOS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE DATA 22-09-2014.

**Sr. Alcalde:** O punto número 3 é a modificación da Ordenanza reguladora da Taxa por Servizos de Matadoiros, Lonxas e Mercados; segundo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de data 22-09-2014. Para explicalo ten a palabra o Concelleiro de Facenda, D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, con motivo da próxima entrada en funcionamento do novo Mercado, tras as obras que se están a acometer, se plantexa e así foi aprobado na Comisión de Facenda, a actualización do IPC pola utilización deste servizo de Matadoiro... bueno, da Ordenanza de Matadoiros, Lonxas e Mercados, en concreto o servizos da Praza de Abastos. É a primeira vez que se modifica unha taxa desde que se toma goberno por parte deste grupo, simplemente o que se está facendo é actualizar o 7,8% que o IPC interanual entre agosto de 2008 (fecha da última actualización) hasta o agosto actual.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, algunha intervención? Ten a palabra s Sra. Louzao.

**Sra. Louzao Vieites:** Ben, en efecto estamos a falar, tal como di a proposta, dun incremento das taxas por utilización das casetas, bancadas e outras ocupacións do novo Mercado, do Mercado de Abastos, un incremento que se ben, como se di aquí, leva conxelado os últimos anos, posiblemente coincidindo con esta difícil situación económica non podemos apoiar nestes momentos, e posiblemente o vamos a argumentar atendendo á moción anterior que se acaba de aprobar por unanimidade, e di a moción anterior:

*"Á vista da situación económica actual que aconsella unha moderación das cargas tributarias, é propósito deste goberno eliminar os incrementos temporais."*

Proposta asinada polo mesmo Concelleiro. Entonces entendemos que o espírito que se quería matizar na moción anterior de facilitar aos veciños e veciñas dende logo non se recolle nesta proposta, nesta modificación de incremento desta Ordenanza fiscal.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, hai algunha intervención? Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras:** Como dixen na Comisión, sobre todo nalgún dos apartados, non se poden considerar que sexa excesivo o custe, pero bueno todos recoñecemos que nestes momentos estamos pasando unha crisis importante á que non se lle ve visos de rematar, entón, como xa fixen a proposta nesta Comisión de diferir no tempo esta subida, como no tema das casetas que é importante, facela en dous anos e non aplicala de xeito inmediato este incremento, porque xa como ven vemos vai a ser importante. Pero bueno, cada un sabe as súas economías e ao que nós parécenos pouca cantidade, para os que están alí a facer caixa diaria ou caixa mensual para pagar estas taxas, ao mellor si é importante. Pero bueno, si se fai este incremento de custes en dous anos e non nun ano sempre é máis levadeiro.

Tamén apuntaba, no caso das bancadas, que se podía facer unha diferenciación entre o que era o produto que ten máis gasto (ben de auga, ben de limpeza) respecto doutros produtos que teñen menos gasto, e non aplicar esta ... unha linealidade por metro lineal independentemente para o que estén ocupadas non?. Entón, como vexo que non se cambia, non se fixo un cambio nas propostas que fixen o outro día na Comisión, vamos a manter a abstención que fixemos na Comisión.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños, gracias pola súa intervención. Ten a palabra o Sr. Blanco.

**Sr. Blanco Carracedo:** Ben, penso que non ten nada que ver o incremento desta taxa, sobre todo en termos cuantitativos, estamos falando que a modificación da Ordenanza anterior supoñe para os estradenses un importe próximo aos 80.000 euros, estamos falando de cantidades meramente anecdóticas pois estamos pasando a un incremento ao 1,5% ao mes por metro cadrado por caseta, oito céntimos por cada metro lineal para as bancadas, para outras ocupacións tres céntimos por metro cuadrado. En canto á diferenciación que tiña plantexado o Bloque Nacionalista Galego, é moi difícil de encaixar, tampouco ten moito sentido, porque o que se poida asociar dun posto a outro vai máis na persona que fai uso dese posto que o tipo de produto, de xeito que poida dar máis cheiro o peixe non ten que ver co que a persona sea máis limpia...; en cambio

a persoa que deixa as verduras... ben, é moi difícil de encaixar nunha normativa fiscal deste tipo.

Tamén quero recordar que a última vez que subeu as taxas foi xusto hoxe fai hace 6 anos, se subiron 22 taxas por outro equipo de goberno.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Blanco. Algunha outra intervención? Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras:** Si, máis que a limpeza da persoa, me refiro ao desperdicio que xenera o produto independentemente de como o manipule o vendedor ou vendedora. Todos sabemos que a venta de peixe implica un consumo maior de auga que a venta de leitugas ou de repolos non?, entón é ao que me facía referencia, ao custe que lle implica ao Concello manter en conducións ou que funcione ben estes postos, independentemente do residuo ou de cada quen como leve o seu negocio non?, independentemente de como sexa sabemos que o residuo que se pode xenerar de peixe fresco, sobre todo en consumo de auga, é moitísimo maior que a venta de produto de horta.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois creo que queda claro a postura de cada un, eu creo, para rematar esta cuestión, creo que desde logo non é comparable o impacto dunha medida como se toma no punto anterior, como dicía ben o Concelleiro, o Concello estima o impacto nas contas públicas en torno de 80.000 euros/ano no que supón a bonificación ou exención no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para vehículo que teñan máis de 25 anos a esta cuestión que, ademais de ser completamente distinto, ten a xustificación da obra e da inversión de infraestrutura que se está acometendo na reforma da Praza de Abastos. Non tiña sentido, evidentemente, penalizar unha situación de tres postos que existían na Praza de Abastos cunha infraestrutura realmente precaria e deficiente para o que eu creo que o que se cobraba antes era extremadamente excesivo para o servizo que se daba, dunha infraestrutura que vamos a poñer a disposición e posiblemente neste mes de outubro poidamos ter xa os pliegos para a adjudicación dos novos postos da nova Plaza de Abastos, onde van a ter unha infraestrutura de primeira línea, unha Plaza de Abastos totalmente renovada e, desde logo, cunha inversión pública que eu creo que vai a merecer, desde logo, pois de ter un espazo comercial á altura de calquer vila ou cidade de Galicia, non?, e eso significa ter que adaptarse a ese esforzo inversor que fixeron todos os estradenses, porque ao final ese diñeiro saleu dos recursos de todos os estradenses, parte dos recursos do estado, parte dos recursos da Xunta e parte dos recursos do Concello da Estrada; polo tanto parece razoable que ante ese cambio radical de infraestrutura e esa mellora substancial que se vai a producir nese espazo, as persoas que vaian expoñer alí ou vaian a vender alí, teñan que adaptarse tamén ás taxas que teñen que pagar, de xeito estamos a falar de auténticas cifras que eu, para dar un exemplo,... un puesto pechado dos 12 que van a quedar resultantes na nova Plaza de Abastos, 12 postos individuais e pechados para calquer tipo de actividade comercial, van a pasar a pagar 268 euros ao ano, 268 euros ao ano, estamos falando de aproximadamente... pois de 22 euros ao mes, bueno... creo que... estamos falando de cantidades ridículas, ridículas, estamos falando de que unha persoa que ocupa unha bancada para vender de forma estable durante o ano enteiro, durante todas as feiras e mercados na Praza de Abastos, vai a pagar nunha bancada lineal de aproximadamente de 3 metros largos, que xa son as bancadas, as zonas de ocupación grandes, para esas actividades comerciais vai a pagar 4 euros con 50 céntimos por día, por vender seus produtos nunha Plaza de Abastos. Creo que estamos falando realmente de cantidades ridículas en torno a esta modificación que o que pretende é reaxustar un pouco as condicións

que, desde logo, o que si que non ten é unha medida recaudatoria, porque, evidentemente, a recaudación é realmente ridícula para a infraestrutura. Outra calquera ocupación de calquer persoa que queira expoñer de forma temporal os seus produtos sen ser en bancada vai a pagar 42 céntimos por día e metro cadrado, nun espacio que eu creo que bueno... pois ten e gaña, gaña un valor añadido importantísimo, polo que bueno.. creo que está ben... creo que hai que relativizar e poñer... e creo que de forma adecuada expoñer o que estamos a falar, e neste caso pois é unha pequena modificación que virá unida, como dicía antes, ao pliego para sacar o concurso dos novos postos que, evidentemente, que esperemos que enchan a Plaza de Abastos, e a partir de aí será un antes e un despois no servizo que eu creo que vai a transformar non solo a actividade comercial, senón tamén unha zona importantísima da nosa vila.

Procedemos polo tanto a votar este punto da modificación da Ordenanza reguladora da Taxa por Servizos de Matadoiros, Lonxas e Mercados. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase polos votos favorables do PP (11), en contra do PSdeG-PSOE (9) e a abstención do BNG (1), o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda para actualizar as tarifas dos servizos prestados na Praza de Abastos mediante a aplicación do índice de prezos ao consumo entre agosto de 2008 e agosto de 2014, que ascendeu a un 7,8 por cento.

Tendo en conta a doutrina do Tribunal Supremo sobre a non necesidade de informe técnico-económico cando a modificación dos importes se limita ao incremento do IPC.

De conformidade co disposto 15 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe asinado polo Técnico de Administración Xeral do departamento de Intervención o 16 de setembro de 2014, e fiscalizado o expediente pola interventora municipal.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 22-09-2014.

#### **ACORDAMOS:**

Modificar, nos seguintes termos, a Ordenanza fiscal da Taxa por Servizos de Matadoiros, Lonxas e Mercados:

*“ANEXO*

.....  
*II. Servizos na Praza de Abastos:*

*TARIFA 1.- Casetas:*

*As casetas pagarán a cantidade anual de 22,35 euros por m<sup>2</sup>. de local. A cantidade resultante dividirase en doce partes, efectuándose os cobramentos por trimestres vencidos.*

*TARIFA 2.- Bancadas*



*Pola ocupación eventual de bancadas establécese a cantidade de 1,51 euros por metro lineal e día. A ocupación só poderá ser por módulos completos.*

### *TARIFA 3.- Outras ocupacións*

*Pola ocupación con produtos do campo doutros espazos libres, establécese a cantidade de 0,42 euros por metro cadrado e día.*

### DISPOSICIÓN FINAL

*A presente modificación, aprobada por acordo plenario do ..., entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2015 e rexerá ata súa modificación ou derogación expresas.”*

### 4º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN CONTRA DOS RECORTES NA LEI DE DEPENDENCIA SOLICITANDO MÁIS ORZAMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTER SOCIAL DE DATA 25-09-2014.

**Sr. Alcalde:** O punto número cuarto é: moción do PSdeG-PSOE en contra dos recortes na Lei de Dependencia, solicitando máis orzamento por parte da Xunta de Galicia. Ten a palabra para defender esta moción a voceira do Partido Socialista Dña. Belén Louzao.

**Sra. Louzao Vieites:** Grazas Alcalde. Efectivamente, tal como manifestamos na Comisión, presentamos esta Moción ao Pleno da Corporación, posto que entendemos que o que está a acontecer coa Lei de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia é unha situación moi grave, é unha situación que afecta a veciños e veciños da Estrada, pero tamén aos do resto do territorio, unha situación, sin embargo, que no noso caso, se ve agravada posto que a actitude da Comunidade Autónoma en canto aos recortes ven en parella á do Estado, unha diminución por ambas as dúas administracións que repercute aproximadamente nun recorte que vai a supor, como indican as cartas que lle están chegando aos usuarios ás casas, un recorte medio dun 40%, non solo en axudas económicas senón tamén en prestacións de servicios, como dicíamos, un 40% de media. Estamos a falar dunha Lei que no 2006 se aprobou cun amplo consenso por todas as forzas parlamentarias, e unha Lei que pasa a recoñecer un dereito universal de todas aquelas persoas que non poden valerse por si mesmas, que, por outro lado, recoñece que é obriga do Estado facilitarlles unha atención. Por iso denunciámos nesta Moción, os recortes que se están a producir, como digo, en todos os índoles, dende nivel estatal ata nivel autonómico máis grande si cabe, e pedimos, tal como reza na nosa Moción, que a Xunta de Galicia reconsidere a súa postura, volte á vía de recuperar o calendario de execución da mesma e, polo tanto asigne os fondos necesarios para atender a todas aquelas persoas que todavía siguen pendentes... siguen á esperar de recibir unha valoración, 18.000 personas que siguen no limbo, e preto de 31.000 que están á espera de recibir esa prestación. Ao mesmo tempo solicitamos tamén que se impulse un grupo de traballo para asegurarse de que a execución é correcta e de que se pode chegar a atender a todas as persoas que o necesitan.

Pero é unha Lei que vai máis alá, é unha Lei que pon en valor non soamente a axuda ás persoas que non poden valerse por si mesmas (inválidos ou grandes inválidos na maioría dos casos), senón tamén a labor dos coidadores, coidadores e coidadoras que viron como nos últimos anos, dende que se aprobou a Lei, perderon a axudas para as

cotizacións da súa seguridade social, viron como se reduciu a axuda económica que lle prestaban para atender ás persoas dependentes, e viron tamén, polo tanto, como a Comunidade Autónoma de Galicia, con respecto á media nacional, presta menos colaboración e menos axuda a estas persoas. Por eso, como dicíamos, pedimos que se recupere a senda do camiño e do diálogo que se aprobou no 2006 e dende a Xunta de Galicia se adiquen as partidas necesaria para poder recuperar o camiño perdido, e tamén, como dicíamos, para que se atenda o antes posible e que se lles... a aquelas persoas que están pendientes de recibir a prestación, que se lles conceda de inmediato.

Pero tamén é moi importante o primeiro punto da nosa Moción e que leo literalmente: "*Amosar o máis enérxico rechazo do Concello da Estrada aos recortes que se están producindo na Lei 39/2006*". Un punto que en aras do consenso desta corporación para chegar a un acordo co resto das forzas na comisión, pois, se suprimiu, se modificou e se... vouno a dicir así, permítanme vostedes, se edulcorou un pouco a realidade, porque, evidentemente, non é o mesmo pedir recortes que pedir vontade de mellora, e non é o mesmo tampouco, evidentemente, dicir que se flexibiliza o mercado laboral cando se quere dicir que se a abaratas o despido; como tampouco é o mesmo dicir "mobilidade exterior", cando nos estamos a referir a persoas que non teñen traballo aquí e teñen que buscar traballo fóra. Por eso nós pretendíamos o máis enerxético rachazo aos recortes que se están a sufrir nesta Lei, por entender que é unha Lei que debería ser prioritaria para todos os cidadáns, pero como digo, en aras do consenso, porque entendemos que este dereito universal de atención a todos os dependentes debe seguir existindo e debe seguir impulsado por todas as agrupacións, nesta caso por unanimidade, vamos a pedir o apoio, como así fixemos na Comisión, para a Moción, na que instamos á Xunta de Galicia a incrementar os seus orzamentos, na que se pide que se atenda a todos aqueles que están á espera de recibir a prestación, e na que se cree no Goberno do Estado o impulso necesario a través dos representantes parlamentarios e das comunidades para facer o seguemento desta Lei, e cambiamos gustosamente en aras do consenso ese primeiro punto amosando, como dicimos, a vontade do Concello da Estrada de que as modificacións que se produzan nesta Lei amelloren e non empeoren, como estivo sendo ata agora.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas grazas. Sr. Magariños, ten vostede a palabra.

**Sr. Magariños Maceiras:** Todos somos conscientes de que en un tema tan sensible como é a Lei da Dependencia, non se pode seguir aplicando as políticas que se están levando a cabo en outros eidos da sociedade, e estamos prexudicando neste momento aos elementos máis débiles da nosa sociedades, dos nosos veciños e veciñas que, no caso galego, se agrava ante os recortes que xa leva aplicando o goberno galego desde o ano 2009, recortes que leva aplicando porque é importante recordar, como xa fixen na Comisión, que o goberno galego ten competencias exclusivas no tema de dependencia, e o que no que é a Lei de Dependencia e no que é as medidas que está legislando o goberno de Madrid van máis no camiño de centralizar todas as competencias de cara ao estado. Aquí vemos que ao final que sae prexudicado con estas políticas de centralización de todos os aspectos son os veciños e veciñas, neste caso os veciños e veciñas galegos. É verdade que ao final o texto de conclusións se dulcifica un pouco, se ablanda un pouco, en aras do consenso para que collamos as tres forzas políticas, pero bueno... repito, non se poden seguir aplicando este tipo de medidas antisociais que ao único que levan é a empobrecer moito máis a nosa sociedade.

**Sr. Alcalde:** Moitas gracias Sr. Magariños. Ten a palabra a Concelleira de Benestar e Educación, Dna. Amalia Goldar.

**Sra. Goldar Cora:** Gracias Alcalde. Boas tardes. Bueno, en primeiro lugar, mostras a nosa satisfacción polo consenso acadado neste tema de tan fundamental para o benestar dos nosos maiores, sobre todo deses maiores que agora necesitan dos nosos coidados e atención. Todos estamos de acordo coa importancia e necesidade de manter e protexer os principios, dereitos e prestacións na coñecida popularmente como Lei de Dependencia. As administracións, nos respectivos ámbitos e competencias, deben poñer todos os medios para garantir eses dereitos, esas prestacións, así, esta corporación municipal pon de manifesto na aprobación por unanimidade dos puntos acordados na Comisión. Pero este grupo de goberno, ademais de manifestar este apoio, na práctica leva facendo que neste Pleno vamos a aprobar, e xa desde que adquiriu responsabilidade do Goberno. Así cando entramos a gobernar no ano 2011 había consignado no presuposto municipal a suma de 480.000 euros para atender o servizo de dependencia, tanto de dependentes como libre concurrencia; no ano 2012 destinamos 490.000, e no ano 2013 e 2014, 570.000 euros anuais para atender aos nosos dependentes. E cada vez que hai unha hora, unha hora de libre disposición, este Concello ten os medios necesarios para atender e non deixar a ningunha persoa sin atención, sempre que lle corresponda. E todo elo en conxunto con outras medidas e servizos que mantemos e melloramos para os nosos maiores, actividades para maiores para evitar precisamente un envellecemento activo e que as persoas teñan unha calidade de vida adecuada; 2011, 121.000 euros, no ano 2014 temos destinados 160.000.

Asumimos tamén os servizos de teleasistencia, 7.000 euros, 100% fondos propios do Concello sen incrementar nin un céntimo o coste dos usuarios. E moitas máis axudas que desde este goberno municipal hemos destinado e mellorado nos servizos sociais.

Con todo isto, o que quero poñer de manifesto é que este goberno está demostrando o seu apoio a todos os colectivos que merecen e necesitan unha especial protección por parte da Administración. E cando esta prestación depende directamente deste Concello, aí estamos, poñendo os medios que sexan precisos, dentro das nosas posibilidades, para atender a todas aquelas persoas, sobre todo maiores e tamén rapaces, todas esas persoas que poidan dependen dos servizos do Concello, para garantir o benestar de todos os veciños e sobre todo destes que merecen una especial protección. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Moitas gracias Sra. Goldar. Non sei se hai algunha outra intervención?. Ten a palabra a Sra. Louzao.

**Sra. Louzao Vieites:** Ben, gustaríame lembrar unha vez máis que a moción que presentamos aquí fala da promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Estámonos a referir a persoas que teñen grandes dificultades, invalidez ou gran invalidez, así están catalogadas, e estamos a falar dunha lei na que se di que deben de poñela en marcha... poñer a disposición os recursos necesarios a Comunidade Autónoma, como dicía o BNG, tamén o estado na súa parte. Polo tanto penso que é obrigação desta Corporación centrarnos nesta tema e pensar nos veciños e veciñas da Estrada que nestes días lles estaba a chegar á casa unha carta indicándolles que lles baixaban as axudas ou indicándolles que lles recortaban os servizos te tiñan dentro de esta lei. Está moi ben calquera outra política complementaria que se poda facer, pero esta, dende logo, non é menor. Incluso se pode facer máis, se pode reducir outros gastos superfluos, incluso publicidade e propaganda, incluso se pode facer máis desde a Corporación municipal, se se quere, a pesares de como dicimos, esixirlle tamén, para eso somos elixidos

polos veciños e veciñas da Estrada tamén polas persoas que lles afecta esta lei, para que reclamemos os seus dereitos e eso é o que pretendemos e, por suposto, dicir (como dicía na exposición anterior) que nos alegramos de que se faga por consenso a pesares de que, como dixo o compañeiro do BNG, houbera que dulcificar a palabra "recortes". Grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Gracias Sra. Louzao. Sr. Magariños?, non ten ningunha cuestión?, pois nada, que damos por pechado este debate, eu creo que... bueno... sobre todo facendo dos matices... o primeiro e que o que é competencia deste Concello, o que é realmente competencia do Concello non é instar á Xunta de Galicia que faga ningunha cuestión, eso é competencia do Parlamento galego. Vostedes teñen representantes no Parlamento, o Bloque Nacionalista tamén e o Partido Popular tamén, eso é competencia do Parlamento. O que é competencia deste Concello o que acaba de... o que acaba de... o que acaba de explicar perfectamente a Concelleira de Benestar, que é o compromiso de incrementar en máis de cen mil euros, en máis de cen mil euros ano as partidas para o Servizo de Axuda no Fogar ás persoas dependentes, en duplicar o compromiso deste goberno para asumir certos gastos que teñen a familias en relación aos comedores escolares e poñer en marcha tres novos comedores escolares nos nosos colexios públicos, ese compromiso, compromiso é facer ou xustificar ou defender a construción dunha nova gardería para que os nenos das persoas que queiran conciliar a súa vida familiar e laboral deixen os seus nenos nunha gardería pública, eso é, desde logo, competencia deste Pleno e competencia deste Concello e deste Goberno. O que non é competencia deste goberno é instar á Xunta de Galicia e a outras administracións a facer cousas que están dentro das competencias doutros foros, outros debates ou outros parlamentos onde todos os partidos temos representación parlamentaria. Polo tanto, eu creo que esa é unha cuestión que non é menor.

Outro asunto que eu quero destacar dunha forma clara e que é certo que houbo axustes e está claro que houbo que facer reformas nos orzamentos, entre outras cousas, por unha cousa tan pequena e minia como que cando gobernaba o bipartito se manexaban doce mil millóns de euros na Xunta de Galicia, e gobernando o Partido Popular non chega a nove mil millóns de euros, claro, houbo que recortar tres mil millóns de euros ano nos orzamentos da Xunta de Galicia, dende logo, bastante complexo ser capaz de brindar o gasto social e as políticas sociais con tres mil millóns de euros de orzamento público non?, nese caso pois é certo que hai que facer números a veces difíciles de encaixar, pero creo que no momento en que estamos, na situación económica na que estamos, creo que xa hai un compromiso claro e contundente cos colectivos, como comentaba a Concelleira de Benestar, cos colectivos máis desfavorecidos, cos colectivos que están en maior risco en este momento, nesta situación de crisis económica. Nunca, nunca todo es suficiente, pero si é certo que se está facendo un gran esforzo por intentar manter e consolidar, e como dicíamos antes no caso da Estrada, incrementar esas partidas para esos colectivos que teñen, desde logo, recibir a nosa máxima axuda.

Procedemos polo tanto a votar esta moción presentada polo Partido Socialista, e outro aspecto non menor que é o que vai a ser, como dixeron os voceiros, apoiada por unanimidade e polas tres forzas políticas, así que, votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade a moción do Partido Socialista en contra dos recortes na Lei de Dependencia.

**Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:**

Vista a Moción presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE con data 12-09-2014 (R.E nº 11230), en contra dos recortes na Lei de Dependencia, solicitando máis orzamento por parte da Xunta de Galicia.

Visto o ditame adoptado pola Comisión Informativa de Benestar Social en data 25-09-2014.

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Amosar a vontade do Concello da Estrada de que as modificacións que se produzan na Lei 39/2006, do 14 de decembro, coñecida popularmente como Lei de Dependencia, non supoñan unha minoración de dereitos e prestacións ás persoas valoradas como dependentes.

**Segundo.-** Instar ao goberno da Xunta de Galicia para que:

- Se estableza as partidas necesarias nos orzamentos da Xunta de Galicia dos vindeiros anos para que o gasto público por persoa dependente atendida sexa, polo menos, superior á media do Estado e se equipare coa das comunidades autónomas do norte con semellante distribución demográfica que Galicia.

- Que sexan atendidas todas as persoas dependentes que xa teñen recoñecido algún grao de dependencia, e que aínda están á espera de recibir a prestación ou o servizo que lles corresponde.

**Terceiro.-** Instar ao Goberno do Estado a que impulse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxectivo de alcanzar un amplo acordo para garantir a sostibilidade, o desenvolvemento e o financiamento por parte das administracións públicas do Sistema de Autonomía e atención á Dependencia. Para iso, realizarán unha avaliación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** Antes de pasar a la parte de Xestión e Control, non sei se hai algunha moción de urxencia que queira presentar os grupos políticos. Si non hai ningunha moción de urxencia, pasamos a la parte de Xestión e Control, co punto 5º que é o punto de Rogos e Preguntas

### **B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

#### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra a Sra. Louzao.

**Sra. Louzao Vieites:** Vamos a trasladar a este Pleno un rogo que nos chega dende a parroquia de Santo Tomé de Ancorados, nos din que na aldea de Redondo desapareceu xa fai unhas semanas un contedor orgánico e piden a súa reposición. Rogamos que se proceda a facelo.

A continuación gustaríanos facer dúas preguntas. Unha delas é posible que vostedes non teñan aquí os datos, pero agradecemos que nos o fagan chegar o antes posible. Cando nos convocaban a este Pleno vindeiro luns, nos facían chegar tres Xuntas de Goberno nas que se incluía unha relación de facturas de gastos e unha delas, que se pagaba a Adrián Pérez Portela, poñía que en concepto de material deportivo e por importe de 2.800 euros, e nos gustaría que se nos

detallase a conta de gasto con esta persoa e cal é o obxecto, entendemos agora mesmo a súa dificultades, por eso rogamos se nos chegue o antes posible.

A continuación nos gustaría facer unha pregunta ao respecto da publicación o pasado martes no Boletín Oficial do Estado no nome do Concello da Estrada, unha vez máis publicación, dende longo, que ven a prexudicar aos veciños e ás veciñas, xa aparecía a Orde do Ministerio de Facenda na que se relacionaba os municipios que de cara o vindeiro ano deben proceder á aplicación de coeficientes de actualización dos valores catastrais, o que ven a ser, para entendernos, o incremento do IBI de cara ao ano que ven, non edulcoremos a realidade, o incremento do IBI. Polo tanto, nos gustaría saber si o Concello ten constancia disto?, que ten pensado facer ao respecto?, e si era consciente cando se lle advertiu en Comisión e neste mesmo foro que a decisión que se tomou unilateralmente de incrementar o 10% do valor catastral das propiedades para conseguir pola vía exprés unha rebaixa de cara ao 2014, curiosamente o último ano no que se vai a pagar o IBI antes das próximas eleccións municipais ía a traer detrás estos lodos. Se advertiu que esa decisión unilateral do Partido Popular ía a traer consecuencias e se nos dixo que non era certo, por iso queremos saber cal é o coñecemento que tiña o partido do goberno ao respecto do mesmo? e, como dicía, que pensa facer?, e si xa ten feitos estimados os cálculos da súa aplicación?.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, como sabe ademais, hoxe mesmo, se non me equivoco, chegaron ás domiciliacións bancarias do IBI do ano 2014 que se puxeron ao cobro para aqueles casos de recibos domiciliados a partir do 1 de outubro, que é o período de calendario fiscal para este ano 2014. E, como ben sabe e creo que a nadie se lle escapou, que a redución do Imposto de Bens Inmóbeis deste ano no Concello da Estrada foi en términos netos dun 27% de descenso no Imposto do IBI. Creo que non se lle escapou a nadie que é certo que viñamos duns anos, ademais pode ver vostede nos medios de comunicación o efecto do incremento dos valores catastrais donde hai Concellos como detalla perfectamente hoxe o Faro de Vigo, detalla os 20 Concellos de Galicia que máis incremento catastral tiveron desde o ano 2009 ao ano 2014, e lle quero recordar que non figura A Estrada nese listado, figuran 20 Concellos gobernados algúns polo Partido Socialista, outros por BNG e outros polo Partido Popular, pero en ningún deles figura o Concello da Estrada. É certo e o recoñecemos publicamente que fora un esforzo excepcional o que se lle pideu aos veciños no ano 12 e no ano 13, o recoñecemos publicamente e asumimos a decisión que tivemos que tomar en relación a que tivemos que anular aquela bonificación ilegal que existía sobre o IBI, é certo que o asumimos, pero é certo que nunca asumimos e sempre discutimos o incremento unilateral que decretou o goberno de España en relación ao aumento do tipo impositivo para o ano catorce e o ano quince, o discutimos en privado, o discutimos nos foros aprobados e o discutimos en público, non o compartimos e, desde logo, eu non estou disposto a cargar nas costas dos veciños maior carga fiscal que xa teñen soportado nesa petición excepcional que se fixo no ano 12 e ano 13 polos motivos que vostedes ben saben e que non vamos a recordar, entre outros, fundamentalmente pola situación de quiebra ou prequiebra no que estaba esta casa, polo tanto houbo que tomar medidas excepcionais que dixemos que tiñan unha data de caducidade que era o ano 13. Esa situación, desde logo, veu incrementada nese ano 13 co incremento do tipo impositivo por parte do goberno central co 0'6, do 0'4 ao 0'6, e a prórroga para o ano 14 e 15, que nós dixemos publicamente que íbamos evitar por todos os medios. Si a única posibilidade de evitalo, como decíamos antes, era solicitar ese incremento do 10% do valor dos bens inmoebles para poder baixar o tipo do 0'4 ao 0'6, sabe vostede, sabe vostede perfectamente votar a

contas, que baixar do 0'6 ao 0'4 supón un decremento ou unha diminución do 33,33 por cento que se converte, eso porcentualmente, se converte co efecto do incremento do valor impositivo que nos obriga esa medida a que a rebaixa real no peto dos nosos veciños sexa para o ano 14 sexa do 27% no recibo da contribución. Esa é unha realidade, e un dos poucos Concellos de Galicia que tuvo e que se atraveu ou quixo tomar esa decisión. Supón unha merma, como ben sabe vostede, na recadación municipal entre esa medida e a medida de eximir do imposto a 1.147 propiedades que pasan do solo urbano a solo rústico polos efectos clasificatorios do Plan Xeral, supón unha merma de 800.000 euros ao ano, 800.000 euros que deixa de recaudar o Concello e que quedan no bolsillo dos nosos veciños. Ese esforzo se fixo a sabendas de decisión que se tomaba e eu, desde logo, lle pode garantir que estou orgulloso e satisfeito, en primeiro lugar recoñecendo o esforzo que fixeron os veciños e o sacrificio que se lles pideu, en segundo lugar intentando volver e revertir a situación que de forma excepcional se tomou e por decisión alleas a este goberno se prorrogou en contra da nosa vontade, e aí foi onde tomamos as decisións para a lograr esa rebaixa que lle estou comentando. Esa é a situación real e o que depare o 2015, o 2016 é outra cuestión moi diferente, ve vostede tamén que unha das partidas importantes dos orzamentos do estado é para facer as novas ponencias de valores en máis de 1.700 concellos de España, sabe vostede que en España hai algo máis de 8.000 concello e no ano 15 se vai a facer as revisións catastrais en máis de 1.700 concellos, eso significa unha nova ponencia valores, un novo valor catastral e significa na práctica totalidade dos casos un incremento importante no que é o valor dos bens inmoables sobre os que despois se aplica o tipo impositivo. Por eso veremos que é o que pasa nos próximos anos, de momento eu creo que as decisión que se tomaron neste caso foron única e exclusivamente pensando no beneficio dos nosos veciños, e foi de maneira de, en certa de medida, non de todo, en certa medida, de resarcir ese compromiso, esta petición que se lle fixo de forma temporal para poder suplir unha situación extraordinaria, e espero que o poidamos seguir mantendo, evidentemente, nos restos dos anos, e, aínda así, pois estamos para poñerlle un exemplo, pois recaudando por IBI a metade do que está recaudando un concello como Lalín (tanto lle gusta a vostede falar de Lalín), pois a Estrada recauda metade do que recauda o concello de Lalín, a metade!, A Estrada está recaudando este ano dous millóns de euros e outros concello están recaudando, a mesma categoría que o concello da Estrada, tres millóns quinientos mil ou catro millóns de euros, caso dalgún concello veciño da Estrada, que linda co río Ulla e que está gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, ou estaba gobernado, agora non sei moi ben por quen, agora con eso das escisións xa non sabemos si é o BNG, si é ANOVA, si é unha coalición de partidos ou unha marea, está claro que ese goberno foi ganado polo Bloque Nacionalista Galego aunque despois houbera certas cuestións posteriores alleas seguramente a temas políticos. Pero é certo que esa é unha realidade e xa lle digo que A Estrada non figura nesta lista dos 20 concellos onde se incrementou a recadación do IBI, nin figura nesa lista dos concellos con máis presión fiscal teñen con respecto aos seus veciños, de feito temos menos da metade que a media dos concellos da nosa categoría en presión fiscal. Quero decirlle tamén que a min no me satisfae, porque a todo isto hai que dicir que é certo e hai que recoñecer que no ano 2011 houbo un incremento pola anulación dunha bonificación que nós, evidentemente, non compartíamos, non compartíamos nós nin o compartía o Partido Socialista que naquel momento saleu adiante aquela bonificación nun Pleno de 21'3 votos do BNG e 18 abstencións, porque sabíamos da súa inxusticia naquel momento, polo tanto e anulou aquela bonificación e desde hoxe o que pretendemos e dar unha estabilidade a unha situación tributaria que nós entendemos que é xusta, razonable e

equitativa para os intereses, e un imposto que ademais, como ben sabe vostede, grava as propiedades e o valor que esas propiedades teñen non?.

Algunha outra cuestión?. Sr. Magariños?, ten a palabra.

**Sr. Magariños Maceiras:** Si. Un rogo para que traslade á Deputación Provincial, xa que dado o pouco caso que fai ás peticións que se lle teñen feito para que se encargue manter nas debidas condicións os viais que son da súa competencia, proceda a substituír toda a vexetación que hai nas cunetas por herba sintética, así evitase todo o tema de mantemento. Isto, a parte, tería unha ventaxe importante para o Concello que, neste caso, non sería necesario ningún depósito de auga para regar, non hai risco de que revente e se teña que facer cargo o Concello deste depósito, co cal sería unha mellora importante para a seguridade vial e para seguridade cidadán dos veciños e veciñas que transitan polos viais dependentes da Deputación e tamén algún deles dependentes da Consellería non?. Bueno, presentan un estado totalmente lamentable, o recoñecerá conmigo, lamentable. Entón, xa que non se fai cargo das súas obrigas e parece que na Deputación o Sr. Louzao ten bastante man nesto da herba sintética, pois que... bueno... quedaría bonito cando pasara a volta ciclista, quedarían unhas vías preciosas. Onde é que se celebra un premio de fórmula 1 no deserto?, teñen un verde espectacular; desde un helicóptero quedarían os nosos viais espectaculares.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños. Moitas gracias pola súa retranca galega. É verdade que te vostede ese toque agradable a veces que pon nas sesións plenarias, pero quero recordarlle algún aspecto importante. O primeiro é que me gusta bastante esa apreciación que fai vostede porque nesa retranqueira intervención que fai, a modo dos xenerais do Ulla que tamén resaltan moito a tradición no noso Concello, olvidouse de falar das estradas municipais, eso quere dicir que, polo menos, é certo que recoñece que a Xunta e a Diputación non están facendo ben a súa función de mantemento viario, bueno... recoñece implicitamente que o Concello si o está a facer, o que é para min unha satisfacción importante saber que se fixo esforzo importante este ano en relación aos desbroces das pistas do Concello, sei que houbo fallos e retrasos, pero este ano fixemos un esforzo importante por levar unha planificación da limpeza, mantemento e os desbroces dos viais de titularidade municipal. Falado desto, lle acepto parte desa intervención con retranca que fixo vostede, acepto que este ano a Diputación de Pontevedra tuvo problemas á hora de contratar. Sabe que o mantemento viario das vías de titularidade provincial se fan a través dunha contratación duns lotes con maquinaria externa e é certo que este ano se produceu un retraso bastante difícil de explicar na contratación desa maquinaria, e de certo lle digo que dende fai dez días hai un equipo de desbroce exclusivamente para A Estrada, un dos poucos Concellos de Galicia que fomos os primeiros en recibir ese equipo de desbroce, que actuaron xa sobre a carretera, que estaba en un estado lamentable, que vai de Arca a Nigoi, a parte, unha estrada bastante estreita e que a maleza estaba invadindo os carriles de circulación; e teñen planificado, está planificado e en execución o tramo da estrada que vai de Rubín a Pardemarín, o tramo que vai de Sequeros a Pardemarín, o tramo desde O Sol hasta Rubín estaba xa desbrozado aunque se vai a facer unha mellora, pero se vai a atacar fundamentalmente o tramo desde Sequeros hasta Pardemarín. Posteriormente vamos a acometer a pista que vai de O Sol a Curantes, que tamén está nun estado bastante lamentable, e despois nos vamos a pasar xa a facer un traballo de desbroce, e posteriormente limpeza de cunetas e acondicionado da carretera coñecida como Vinseiro-As Casetas, ou a estrada Cereixo-



Vinseiro, esa si que vai a ser obxecto dun traballo de desbroce e despois dun traballo máis profundo de limpeza de cunetas. Tamén a estrada que vai desde... vai a ser posteriormente a que vai desde Aguións a Santeles, Santa Cristina de Veá e sube por Toedo ata o Alto da Cruz (tamén da Diputación de Pontevedra), e nos iremos tamén cunha limpeza importante á carretera Couso-San Miguel de Barcala, que tamén precisa esa actuación. Digo que está programado con esa brigada esa cuadrilla con esas actuacións, amén dalgunha que se me poda olvidar ou esquecer e me poida fallar a memoria, pero creo que nos próximos meses temos programadas esas actuacións que lle reconozco chegan tarde, chegan tarde e vamos intentar resolvelo da forma máis eficiente posible.

No respecto a outras cuestións, pois lle direi, como ben sabe vostede, en relación ao césped artificial e ao riego, que tamén intentarei introducir esa pregunta e vexo preocupado, voulle dar unha noticia: esa obra está completamente rematada, temos o visto bo da aseguradora, polo tanto xa fixeron o informe técnico previo para realizar as obras, asumeu o importe íntegro desas obras a Diputación de Pontevedra, é falso que o Concello destinase nin un solo euro a esa actuación, nin a actuación do campo, nin a actuación da reforma do problema que houbo na construción do equipo de rego do campo de fútbol, polo tanto esos 35.000 euros os asumeu integramente, 100%, a Diputación de Pontevedra, e vai a ser a Diputación de Pontevedra a que .... ou é a Diputación de Pontevedra a que iniciou o expediente de reclamación desa cantidade á empresa construtora, por dúas vías, pola vía da aseguradora, que ten unha responsabilidade polos danos da construción, e pola vía da responsabilidade na execución de obra de... pois de traer do aval que teñen consignado para a garantía de esa obra, o sea, a Diputación ten dous medios diferentes para recuperar a cantidade que tuvo que desenvolver inicialmente para a execución de esa actuación non?, problemas de execución, de obras, que pasan cuando un hace obras, cuando non se fan evidentemente non da problemas, polo tanto as obras a veces na súa execución teñen certas cuestións e o que hai que ter é capacidade para resolvelas. Recorde vostede que estiveron vostedes catro anos gobernando neste Concello, que a competencia en materia de deportes... e votou catro anos chovendo polo pabellón de deportes, pola pista deportiva construída e rematada e devolto o aval na súa época, catro anos esperando que houbera unha sentenza xudicial para que a empresa adxudicataria (que aínda a día de hoxe non resolveu) arreglase ese problema, recórdao vostede verdade?, e tivo que ser este goberno en tres meses, desde a súa toma de posesión, o que conseguera destinada corenta mil euros para a refora desa cuberta que a día de hoxe suporía que ese pabellón, que esa pista deportiva estivese totalmente inservible, así que lle recordo que, evidentemente, esas cuestións acontecen e temos que poñer os medios para resolvelo e, en todo caso, garantir que a execución dos recursos públicos, evidentemente, esté salvagardada e ao final os dereitos dos nosos veciños se poidan defender e ese diñeiro se poida reclamar como é debido, xa lle digo, por esas dúas vías que temos abertas e por calquera das dúas se podía facer esa reclamación. Así que creo que temos un magnífico estadio de fútbol que nos vai permitir un facer unha magnífica gardería na zona da Baiuca e organizar un espacio que creo vai a ser o futuro do centro de prestación de servizos na zona da Baiuca con máis de 20.000 m<sup>2</sup> edificables a disposición do Concello e calquera administración que queira facer unha infraestrutura, e acórdese o que lle vou a dicir agora, pública... unha infraestrutura pública, e está ese espacio xa en disposición e xa... na xestión, aproveito tamén para decirlle, que xa remitimos a Medio Ambiente (porque creo que hai incrédulos que dudan desa cuestión), xa se remitiu a Medio Ambiente para que emita o informe medio-ambiental en relación ao plan especial de dotacións para a zona da Baiuca, xa está en trámites e na próxima semana faremos o

estudio topográfico e arqueolóxico para completar o proxecto dotacional de espacios públicos da Baiuca e remitilo xa, si podemos, o mes que ven, mes de novembro, ao Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial e seu trámite de exposición pública e alegacións. Eso é o que ven derivado desta fobia que teñen vostedes polos campos de fútbol e a herba sintética, pero a veces ver un pouco máis alá destas cuestións, e quedarse na anécdota da retranca, trae consigo non ver máis alá e pensar os beneficios e as cuestións e as oportunidades que se abren á hora de xestionar proxectos con certa previsión non?, e certa planificación. Así que espero que se vaian cumprindo os prazos e espero que no mes que ven traer a este Pleno a aprobación inicial dese plan especial para dotacións da Baiuca e ese inicio da exposición pública para poñer a disposición xa a primeira parcela que será para a construír a gardería municipal no ano 2015.

**Sr. Magariños Maceiras:** Varias cuestións. Non é que lle recoñeza que a situación dos viais competencia municipal esté en boas condicións, simplemente se lle fago esta proposta ao Concello é capaz de poñer mañá ás brigadas municipais a botar herba sintética, entón é mellor estar calado. Porque polo menos na Diputación entre que adxudican á empresa coñecida hai un período que bueno... podemos votar á Diputación e facer as cousas como é debido.

Despois, na cuestión do depósito de auga, desde logo na prensa vostede dixo que ía a asumilo o Concello, hombre!, e eu moito me equivoco ou algo lín nunha Xunta de Goberno, algo lín, en todo caso, en todo caso, pódeme fallar a memoria, pero algo lín, en todo caso xa que vai a devolver a compañía de seguros estos cartos que, polo que se ve, eran cartos que tiña aí a Diputación que non tiña va!!!, como que ten calderilla no bolsillo, non tiña a que dedicalos, pois que dedique estos cartos, parte, o sea, estos cartos, e a outra parte que a poña o Concello o a Consellería de Medio Ambiente, a reparar os problemas dos sumidoiros que hai na Avda de Santiago, que os veciños llo van agradecer infinitivamente, vanllo agradecer infinitivamente porque bueno, vemos que sobran cartos para cousas así improvisados e tal, pois supoñemos que serán como as Visas de Caixa Madrid, non serán da caixa.... Pero bueno, entón eso, dígalle á Diputación...

Outra cousa que se me olvidaba, vemos tamén ante o anuncio que nos acaba de facer de que a Diputación por fin se vai a poñer as pilas e desbrozar, que para o ano hai eleccións municipais, eso está ben, eso está ben, polo menos os veciños van a aproveitar algo, estiveron catro anos esperando pero bueno, ao cuarto ano choveu, ao cuarto ano choveu.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, Sr. Magariños, moi ben. Mire, vou decirlle dúas cousas. En primeiro lugar nunca se dixo, nunca, que o Concello asumise o custo desa obra, nunca!, e lle reto a vostede a que me traiga aquí donde pon eso ou cando saleu da miña boca esa declaración, o que si podo ver vostede e ao mellor o leva ao engano, é a adxudicación por parte do Concello desa obra, pero como ben sabe vostede, que o Concello adxudique esa obra non quere decir que sexan recursos municipais, sabe vostede perfectamente e, polo tanto, lle digo que dentro do plan urxente de infraestruturas da Diputación se habilitou unha partida de 35.000 euros que foi concedida para o Concello da Estrada, e o Concello da Estrada con ese diñeiro licitou a obra de reforma do rego do campo municipal, porque as obras do plan da Diputación do ano 2014, a diferenza do no 13 e do ano 12, son cedidas os recursos aos Concellos para que os Concellos contratasen hasta o ano 13, era a Diputación a que licitaba os proxectos que lle solicitaban os Concellos dentro das cantidades que tiñan asignadas dentro dese plan de obras, no ano 14 é a Diputación a que aproba as obras e lle cede aos Concellos o diñeiro para que liciten; xa lle vou a anticipar que esos 35.000 euros non se detraen

da cantidade que lle correspondía ao Concello, por si caso vostede pensa máis alá e dí "bueno, entonces ustedes deixaron de...", no, non, esa cantidade veu a maiores dos 498.000 euros que lle correspondían ao Concello da Estrada por poboación e por superficie, criterios polos que reparte a Diputación de Pontevedra os seus plans provinciais, nos correspondían 498.000 euros e estos 35.000 euros viñeron a maiores da Diputación, que será a que ten que facer a reclamación.

No que respecta ao tema da Avda de Santiago, pois supoño que hoxe non pasarían por alí, pero estaban os técnicos da empresa VIACUA facendo xa a segunda xornada de traballo para darnos un informe definitivo das solucións que eu creo que..., hoxe tivemos unha pequena reunión antes do Pleno alí cos propios técnicos da empresa e nos trasladaban xa a modo de resumen algunha das solucións posibles para evitar ese desastre construtivo que se fixo nese ámbito do casco urbano e que leva xerando problemas desde fai máis de dez anos aos veciños que viven alí e que eu creo que a aportación do informe técnico dunha empresa experta nesta materia, e co estudio que se fixo exhaustivo as propias cámaras que introduciron na propia rede de pluviais, na propia rede de saneamento, temos xa unha visión clara de que é o que pasa nesa rede e espero, e desexo que nas próximas semanas poidamos ter xa de forma definitiva tomada a solución, valga a redundancia, definitivamente este asunto que nos preocupa, que nos ocupa e que queremos resolver despois de dalgunha década de intentos sen solución.

Algunha outra cuestión. Sr. Magariños?. Chegoulle por WhatsApp agora?

**Sr. Magariños Maceiras:** Non, simplemente... rapidamente, acabo de buscar no buscador do móbil (que non é precisamente a cousa máis rápida que existe).... lea o titular, neste caso da Voz de Galicia, non por nada, é o primeiro que me entrou, o máis rápido, do 30 de agosto de 2014, simplemente lea o que pon esa noticia. En todo caso si non é así aclare as noticias cando as lea.

**Sr. Alcalde:** Está perfectamente aclarada Sr. Magariños...

**Sr. Magariños Maceiras:** Léolla se quere.

**Sr. Alcalde:** A obra adxudicouna a Xunta de Goberno Local do Concello da Estrada con fondos 100% provintes da Diputación de Pontevedra, concedidos para ese proxecto e obra, licitados polo Concello da Estrada....

**Sr. Magariños Maceiras:** Fai referencia a noticia "adiantou o Concello da Estrada...", en todo caso, como xa dixen antes, se ao Concello da Estrada lle sobran 35.000 euros ....

**Sr. Alcalde:** Pero sabe vostede que esa figura de "adiantar" non existe na administración local, bueno, pues, eu non o dixen, eso o día a prensa... non,non, eso o di a prensa. Eu o que traslado é que ese diñeiro foi asumido pola Diputación. Si quere mañá veña pola Alcaldía e lle enseñe a Resolución da concesión desa subvención e aprobación do proxecto e aprobación da licitación cos cartos que chegan da Diputación, se quere mañá está vostede ás nove da mañá na Alcaldía e lle entrego a vostede esa documentación que acredita esta cuestión e que non pode ser doutra maneira, ou o asume o Concello e o reclama posteriormente, ou o asume a Diputación e o reclama a Diputación, que é o máis razoable porque foi que licitou esa obra e quen puxo os cartos para executar esa obra do novo estadio municipal da Estrada.

Algunha outra cuestión?. Pois si non hai outra cuestión relativa á Orde do Día deste Pleno, posteriormente a este punto existe a posibilidade, dentro do Regulamento de Participación Cidadá, que calquera persoa que asista ao Pleno poda facer calquer rogo, calquer pregunta identificándose previamente co seu DNI e pedido o uso da palabra.

Se hai algunha persoa que queira intervir?

Ten a palabra... acérquenlle o micrófono e aporte por favor o documento nacional de identidade.

**Dna. Ofelia Lema Villar (DNI 35472523Z):** Bueno, boas tardes xa, permítame que me levante porque a min gústame estar de igual a igual, esto me parece unha inxusticia... moi mal decorado, pero bueno, eu non teño a retranca do Sr. Magariños e tampouco veño aquí a dar leccións de moral a ninguén nin que ninguén mas de a mín.

Por outra parte, veño a falar dalgo que considero serio e vou a ser breve, son dúas preguntas, non sei se prefiere que llas faga todas xuntas, por separado?, son vinculadas... perfecto.

Bueno, hai máis de quince anos que o desbordamento nas pluviais da Avda de Santiago ven acontecendo, non hai siquera dez, e me da igual que partido gobernara neses quince anos, absolutamente igual, o que me importa é que ningún fixo absolutamente nada para solucionalo, o que máis me importa e que este tampouco está facendo nada por solucionalo. Ben, o digo porque sempre chovía cando facía un día de tormenta increíble, entonces ese día nos preparabamos todos para saír co traxe de buzo e procurar non meter nada na casa, porque xa non é unha cuestión de auga, de desbordamento, é unha cuestión de fecales (que me parece moito máis grave que a auga en si). Ben, o problema, penso, que é lamentable que en pleno mes de agosto, cando unha chuvia que non alcanzou máis alá dunha hora, o propio alcantarillado botara fóra todo. Tendo en conta que somos fin de tramo, eso probablemente a xente que vive na metade da Avda de Santiago non lle afecte, para a nós si.

Hoxe veño aquí, tanto en representación miña como propietaria, como na doutros veciños que me encomendaron falar a través miña por parte deles, eu o que quero, que sea tan amable de non darme explicacións dos estudos, entendo que hai que facelos, non me de explicacións dos camiños de VIACUA, non é coincidinte que vostede diga hoxe (non negou que llo dixeran así) que xa tiñan claro o que ocurría, cando é a segunda vez que veñen e a segunda vez que nos din "esto non vale para nada, pero se hai que facelo se fai", eu supoño que a cada un diranlle o que quere escoitar, e a min diranme "esto é o que hai" para que veña aquí e de caña, tamén a min me están decindo a verdade, pode ser, pode ser. Eu o que quero é que temporalice, non pode chegar un veciño en pleno mes de febreiro e decirlle a este problema, que lle diga que nun mes está resolto, estamos xa a final de ano e segue sen resolver. Eu entendo que non é cuestión dun Alcalde individualmente o de solucionar un tema, senón que hai unha serie de trámites, pero tamén entendo que son 15 anos, que son un ano enteiro xa cun desbordamento continuo, incluso en momentos en que non chova, e que cando solicitamos información sobre como solucionar o problema se nos inste a recurrir a organismos como é Protección Civil, que teñen mecanismos como é o de bombear auga.

Creo que non é de recibo, e son as miñas dúas preguntas, unha, unha, temporalización, cun marxe razonable, non veño aquí a esixir márxenes fixos pero si razoables, sobre esas obras de acometida; e dúas, que a quen debemos recurrir se volve a suceder?, porque vai a volver a suceder antes de que esto se solucione, porque eu me nego a chamar a un servizo de Protección Civil e que se me insulte, se me atropelle verbalmente, e que se me veña a dicir que Protección Civil so está para unha seguridade cidadana, que non vai máis aló de pechar unha arqueta que estaba aberta e que podía caer alguén, e ninguén vai a chegar a esa arqueta porque hai tres metros de fecais,

ninguén no seu sano xuízo vai a pisar esos tres metros para caer na arqueta. Entonces pídolle por favor unha temporalización e pídolle unha resposta a actuación dese traballador de Protección Civil, para saber se teño que volver falar con el a próxima vez para que veña, feito que non lle pedimos, senón que lle preguntamos a quen tiñamos que dirixir para solucionar ese tema, e senón a quen me teño que dirixir, á Policía Local, lle anticipo, que xa a chamei en numerables ocasións, entendo que o día da inauguración do estadio estaban ocupados, sempre teñen unha trifulca ou altercado entre cidadáns e non poden vir inmediatamente, ou na Estrada estamos a partirnos a crisma todo o día, pero non entendo que pasa para que xusto o día que se desborda a auga que o policía está ocupadísimo ou eses axentes de policía, non digo todos. Entonces, se me pode dar unha resposta.

Por outra parte, a Diputación ten tanta predisposición para estadios de fútbol, como si se fan sete, a min no me vai nin me ben que se fagan sete, considero que con un bastaba, non era necesario optar ás próximas Olimpíadas, pero se tanta predisposición ten para gastar cartos na Estrada que os gaste no alcantarillado e lle ponemos o nome de Louzán, non teño ningún problema en que se chame Avenida de Louzán, se o arranxa por min perfecta.

Estas son as miñas preguntas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Moitas gracias. Pois nada, coméntolle ou respóstolle na medida das miñas posibilidades de resposta nesta cuestión. En primeiro lugar decírlle que, bueno, A Estrada ten un estudio, non ten máis, de momento ten un solo, e creo que un bo estudio municipal de fútbol que, como dixen antes, nos vai a permitir outras actuacións e que creo que era necesario facelo, e non é cuestión de que teña dous, tres o catro, ten un estadio municipal que é o que está utilizando agora tanto o Club Deportivo Estradense como outros equipos vinculados de forma directa á canteira e aos rapaces da Estrada.

En segundo, decírlle que, bueno, eu tamén, evidentemente, teño moitos veciños na Avenida de Santiago coñecidos e sabe vostede que, bueno pois, todos teñen a súa opinión sobre esta cuestión; vostede ten e poder lexitimada, eu non lle digo que non, nin tampouco llo discuto, nin tampouco lle vou a dar por válida que vostede ven lexitimada por un grupo de veciños da Avenida de Santiago, vostede fala en representación súa, se se quere lexitimar pode ter un medio perfecto de traer aquí as firmas dos veciños aos que representa, en todo caso eu creo que vostede se representa a si mesma e ou podo decírlle tamén que teño falado con moitos veciños que me teñen trasladado que, cando se aproximaban chuvias, o primeiro que facían era poñer a roda do coche enriba da tapa para que non saltaran para riba dende fai xa moitos anos.

Este é un problema, e o dixen antes, dunha mala solución construtiva e é un problema que nalgúns puntos, incluso, a propia rede de saneamento fai unha volta atrás para intentar desconxestionar a presión con que viña a auga, unha auténtica chapuza que, desde logo, non sei quen lle pudo decir a vostede que o que está facendo esa empresa non vale para nada, pero lle podo garantir que nós, a día de hoxe e gracias aos estudos e informes que fixo esta empresa, temos perfectamente claro algo que antes de facerlo non sabíamos, que é unha cousa tan sencilla como é por donde vai a rede de saneamento na Avda de Santiago, algo tan sencillo como eso; non hai un levantamento da rede, non hai unha planimetría no Concello... pero nin na Avda de Santiago nin na práctica totalidade das rúas da Estrada, nin hai unha planimetría nin unha información en relación ás redes, non solo ás de saneamento, sino tamén ás de abastecemento de augas, moitas delas están na cabeza dos operarios que levan moitos anos traballando nesta Casa e que co seu traballo e o seu sacrificio intentan ir resolvendo cuestións que, como ben

sabe, este é un servizo, tanto abastecemento como saneamento de auga, que ten A Estrada, e debe ser un dos poucos concellos de Galicia da súa categoría, que o xestiona de forma directa, non o ten subcontratado, nin o ten xestionado por unha empresa privada, senón que o xestionamos cos nosos propios medios non?, e eso supón, coincido con vostedes, a veces ter certas carencias á hora de poder resolver certos problemas ou de poder anticiparnos a eles non?. Pero nese caso eu pódolle garantir que desde o primeiro momento se tiveron en conta, se tuvo en conta esta cuestión e, antes de ter a información que temos agora, se fixeron actuacións, se melloraron, se fixeron traballos de acondicionamento no entorno do novo parque infantil que se constrúe na Avenida de Santiago, se fixo unha nova arqueta no fondo dese parque lindando co Colexio de Figueroa, se desatascaron e cortaron todas as raíces que estaban introducidas dentro da rede de saneamento e da rede de pluviais, se fixeron actuacións tamén de mellora na rede da beirarrúa contraria a ese parque, en definitiva se fixeron traballos de limpeza dos colectores, pero nos dimos conta que non era suficiente e que estábamos dando palos de ciego e que había distintas solucións que desde fai ano se falaba, de intentar facer un baipass e unha saída para intentar evitar esa cola, esa bolsa final do casco urbano, porque é unha bolsa final, porque a auga antes de cruzar, de facer o cruce na Avenida de Santiago aínda ten un percorrido ata o último edificio que se constrúe ultimamente e que fai esquina e, polo tanto, aí fai unha bolsa final e aí fai unha presión de carga a rede e, polo tanto, se falou de moitas opcións que ao final algunhas delas de executaron e non deron ningún tipo de resultado como ben se pode ver, outras non se chegaron a executar, outras se plantexaron pero non se levaron adiante, e agora creo que estamos en condicións de poder intentar poderlle buscar unha solución definitiva. É un tramado bastante complexo de rede, a rede que se quixo ir ao non poder aumentar a sección á vez que se ía incrementando o número de vivendas na Avenida e a non haber unha boa programación dese posible crecemento, foron intentándose buscar solucións con duplicidade, incluso a veces con triplicidade, de rede que, en moitas ocasións, algunha delas non se sabe moi ben onde está conectada. Eso o que nos da, este traballo que se está a facer de visor, de visor que a empresa... para facer e para percorrer a totalidade da rede de a rotonda da rúa da Cultura ata a rotonda final coa Avda de Santiago, están analizando todas as sección que todos os colectores que hai debaixo desta rúa e a día de hoxe podemos ter xa, polo menos, algo tan sencillo, que a vostede lle parecerá algo sencillo pero non o é, de ter un levantamento e saber onde están a redes e que tipo de redes hai e onde están conectadas moitos dos servizos das edificación que aí están construídas, porque seguramente algúns pensando que se estaban conectando á rede de pluviais se conectaron á rede de saneamento, e eso provoca, como ben sabe vostede, se temos unha rede de saneamento estanca como debe de ser, é imposible que as crecidas pola chuvia poda incrementar un caudal de rede estanca, é imposible non?; eso quere dicir que ben hai filtracións ou ben hai conexións executadas de edificios, son os propios edificios da Avda de Santiago que na súa execución foron mal conectados e todas as augas collidas por eses edificios están vertendo directamente na rede de saneamento. Por eso necesitamos ter identificado... o levantamos toda a Avda de Santiago a pico e pala e vemos esas conexións, o establecemos o medio e mecanismo que establecimos con esta empresa que ten practicamente visionada a totalidade da rede, e hoxe pretendía deixar rematada o visionado da totalidade da rede da Avda de Santiago.

A partir de aí, lle pode asegurar que no prazo máis breve posible, non lle vou a dar prazo porque non o teño e non podó aseguralo hasta que teña o informe da empresa e nos digan cal é a solución definitiva, a partir de aí lle podó garantir que vamos a

destinar os recursos que sexan necesarios para poder acometer esa actuación no prazo máis breve posible.

No que respecta aos servizos municipais, bueno eu creo que fai unha interpretación moi particular dun servizo que é un exemplo, non so para A Estrada, senón para todos os Concellos de Galicia, nós somos o Concello da Estrada que destinamos, seguramente, máis recursos aos medios de Urxencias e Protección Civil, seguramente que do contorno seguro, porque damos servizo a todos os concellos do contorno, pero ademais lle pode dar un dato que seguramente non coñece, pero temos máis medios humanos e posiblemente tantos medios técnicos ao grupo de Emerxencias e Protección Civil que o parque de bombeiros de Silleda; e temos unha infraestrutura con un persoal, que creo que moi cualificado, que pasou de ser meros operarios de Protección Civil para facer labores de limpeza e desbroce a ser auténticos profesionais de Emerxencias non?, eso significa, evidentemente, que estos medios están..., como lle decía antes, dan unha coberbura a diferentes concellos da nosa comarca, teñen un servizo que é único en Galicia, que o Convenio co 061 para o transporte sanitario con ambulancia medicalizada, que eso conleva un esforzo importante, e eso significa que a veces, cando hai que ter capacidade de discreción entre o que é unha urxencia e o que non o é, teña que entender, polo menos alguén, teña que entender de si é máis urxente ir a baixar unha tapa dunha alcantarilla ou ir a facer unha intervención ou ir a saír unha ambulancia medicalizada; ten que entendelo que poida ser cuestionado, outra cousa é que vostede poida ter un criterio diferente ou que teña algún tipo de cuestión persoal cun membro concreto de Protección Civil, que tamén pode ser, eu aí non entro a cuestionar este tema, decirlle que son xente da que nadie dubida da súa profesionalidade e persoas perfectamente preparadas e capacitadas, e tanto Protección Civil como a Policía Local, dentro dos medios e da capacidade que teñen, fan un labor importante á hora de velar pola seguridade e dentro da súas competencias, hai cousas que son competencia directa de Protección e Civil e da Policía Local e hai outras que non o son, e o que deben de facer, en todo caso, é informar das distintas posibilidades. Xa lle digo, unha cuestión tan sencilla como súa significa que o Concello da Estrada non ten unha persona de guardia para calquer tipo de incidencias no saneamento, con eso lle digo todo. Nós temos o persoal que temos, o persoal propio do Concello, é o persoal que traballa como todos co seu horario de oito a tres, non temos servizo adaptado, ni nunca o tuvemos, un servizo adaptado para o abastecemento de auga, nin para a rede de saneamento, nin para outro tipo de servizo, non hai esos operativos de emerxencia que ao mellor outras vilas poidan ter porque teñan outro sistema de xestión, e eso limita moitas veces as capacidades de resposta, e eso fai, posiblemente, que en determinadas incidencias donde non tiñas que ir, pois que acuda Protección Civil botando unha man exclusivamente por esa clara convicción de servizos público que teñen. Bueno, esa é a realidade, outra cousa é que noutro momento puntual poida haber algún tipo de cuestión que poida ser reprochable desde o punto de vista profesional ou desde o punto de vista personal, eu en eso, como comprenderá, non vou a entrar nin vou a valorar porque teño en moitísima alta estima o traballo do colectivo de Protección Civil, o traballo do colectivo de Emerxencias e o traballo do persoal da Policía Local e o traballo de todo o persoal desta casa, que fóra das súas horas de traballos e cando hai unha emerxencia dese calibre ou de maior calibre, deixan os seus domicilio e as súas vidas e se van a resolver os problemas que poida haber sen ter que facelo, e eso creo que é digno de mención; e sei que a veces é precario e non é, ao mellor, o modelo máis óptima e o máis acertado de xestión nunha vila como o Concello da Estrada onde xa ten unhas dimensións de poboación e un ámbito urbano suficientemente importante para xestionalo doutra maneira, pero esto

ven sendo así desde fai moitísimos anos e creo que, bueno, é unha cuestión na que se pode valorar a súa mellora non?, porque creo que ten ese marxe de mellora, pero simplemente.....

Decirlle a modo de remate que tendo en conta esas cuestións, intentaremos actuar o máis rápido posible no momento en que se produzan estas circunstancias e vamos a intentar, tan pronto teñamos os datos enriba da mesa, solucionar no tempo máis máis pronto posible e destinar os fondos necesarios para facelo.

Non sei si hai algunha outra cuestión?. Pois si non hai algunha outra intervención, agradecendo a súa presenza, levantamos a sesión. Moitas gracias.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas.

A Estrada, 2 de outubro de 2014  
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas